



Convenio de colaboración entre a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade de Vigo, a Universidade da Coruña e a Axencia Galega da Calidade Alimentaria (AGACAL) para a realización de prácticas de alumnos/as do Master Universitario en Biodiversidade Terrestre: caracterización, conservación e xestión

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director da Agacal, **DECLARA:**

Que esta axencia ten previsto formalizar coa Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade de Vigo e a Universidade da Coruña o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia de catro anos e, en todo caso, polo tempo que duren as prácticas do alumnado, podendo prorrogarse de forma expresa para os seguintes catro anos de común acordo polas partes e en tanto non se denuncie expresamente como mínimo cun ano de antelación. .

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer un programa para a realización de prácticas profesionais dos alumnos nas instalacións de AGACAL así como para aportar os seus expertos para aquela parte da docencia teórico-práctica especializada que fora precisa.

No convenio fíxanse as pautas e mecanismos de colaboración entre as partes coa finalidade de establecer unha adecuada programación, desenvolvemento e verificación da colaboración.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Para a consecución dos seus obxectivos e no exercicio das súas funcións, a Agacal poderá, no ámbito da investigación e o desenvolvemento tecnolóxico, entre outras actuacións, subscribir convenios con Administracións públicas, empresas e institucións públicas e privadas sempre que os coñecementos e a información obtida ó abeiro destes teñan interese público no sector agroalimentario.

A adecuación dos programas educativos ás necesidades do mundo empresarial constitúe unha das preocupacións das universidades galegas.

Todas as partes consideran necesario un maior acercamento entre o ámbito empresarial e as universidades, co obxecto de facilitar a futura inserción laboral dos universitarios mediante a alternancia da súa formación teórica con prácticas de empresa, acadando ó mesmo tempo a mellor cualificación e futura adaptación ós postos de traballo demandados polas empresas.





Todo elo evidencia a necesidade dun convenio que enmarque a cooperación educativa entre os asinantes e delimite as garantías recíprocas dos alumnos e as empresas no desenvolvemento do período de prácticas.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela,

